



Unidas Podemos comprométese co corpo municipal de Bombeiros e adecuar a súa cifra de efectivos e necesidades materiais

Ourense, 21 de maio de 2019

Membros da candidatura de Unidas Podemos mantiveron un encontro con representantes dos corpo municipal de Bombeiros de Ourense, quen nos trasladaron a súa desastrosa situación actual e as súas reclamacións.

En particular, os traballadores alertaron das carencias no ámbito de persoal, dado que a perda continuada de efectivos e a decisión de non convocar oposicións nin interinidades lévaos a unha situación actual límite, con menos dun efectivo por cada 2.000 habitantes, cando a ratio da UE recomenda un por cada 1.000

A maiores, os traballadores láianse da desatención por parte do concello, que non inviste axeitadamente en material, nin á altura debida, e que tampouco se preocupa pola formación, co grave risco que este supón tanto para a seguridade dos cidadáns como para a dos propios efectivos.

Desde Unidas Podemos Ourense comprometémonos con eles a cambiar esta situación e a adecuar os efectivos ás necesidades de actuación, mellorar e modernizar os medios e apostar por unha una laboral digna.

“Queremos o servizo de Bombeiros que Ourense merece, que é moito máis que o desleixo ao que o somete o actual goberno local e rexeitamos de pleno os intentos da Xunta de desprestixiar o servizo co fin último de privatizalo”, declara David Alvarado Roales, candidato á alcaldía de Unidas Podemos.

Máis información

David Alvarado Roales
657 059 676

NOTA DE PRENSA